



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE XANEIRO DE 2008.-

<u>Sres. Asistentes.</u> <u>Sr. Alcalde.</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo <u>Sres. Concelleiros:</u> D ^a María Victoria Montenegro Paz. D. José Juan Vilasanchez Pazos D ^a Ana María Fernández Coira. D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Francisco Echevarria Lage. D. Fernando Otero Prieto. D ^a Mercedes Grande Regueiro. D ^a Josefina Martínez Martínez. D. Manuel Rodríguez Doval. D ^a María Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández. <u>Sr. Secretario.:</u> D. Manuel Larrosa Rodríguez.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e dez minutos do día trinta e un de xaneiro de dous mil oito, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D.Manuel Larrosa Rodríguez.
--	---

Aberta a Sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

PUNTO 1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓN CELEBRADAS OS DÍAS 22-11-2007 E 29-11-2007.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que nas dúas actas aparece duplicado como asistente D^a Mercedes Grande Regueiro. Con esta corrección o Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la súa aprobación as Actas das Sesións Celebradas os días 22-11-2007 e 29-11-2007.

PUNTO 2º.- DAR CONTA DA SENTENCIA DO T.S. DE 14-11-2007 (P.X.O.M).

Dada conta da Sentencia do T.S. de 14-11-2007 (P.X.O.M), na que se emite o seguinte fallo:

" FALLAMOS:

Que declaramos no haber lugar al presente recurso de casación nº 231/04, interposto por el Ayuntamiento de Ares contra sentencia dictada por la Sala de lo Contencioso



Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia (Sección 2ª) en fecha 23 de Octubre de 2003 y en su caso contencioso administrativo nº 4427/99.

Y condenamos a dicho Ayuntamiento en las costas de casación. No devengarán costas por oposición al recurso de casación ni la Administración del Estado ni la Junta de Galicia."

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval que manifesta que aínda que se trata de dar conta, quere facer dúas preguntas, unha primeira é se xa se formalizou o recurso de Suplica, e se a representación do Concello vai a seguir o mesmo Letrado.

Resposta o Sr. Alcalde, manifestando que hai un prazo de vinte días para formalizar o incidente de nulidade de actuacións pero como xa explicamos en Xunta de Portavoces, a esperanza nese incidente son practicamente nulas, e có mesmo Avogado que levou a representación Xurídica do Concello.

O Concello Pleno visto o informe do Sr. Secretario de 15-01-08 , dase por enterado.

PUNTO 3º.- DAR CONTA DA SENTENCIA DO T.S.X.G DO SOCIAL DE 14-12-07 "DEMANDA D. JOSE CARLOS RODRÍGUEZ CARTELLE".

Dada conta da Sentencia do T.S.X.G. do Social de 14-12-07 "DEMANDA D. JOSE CARLOS RODRÍGUEZ CARTELLE", na que se emite o seguinte Fallo:

FALLAMOS:

Que estimando el recurso de Suplicación interpuesto por la representación procesal, del Ayuntamiento de Ares, conta la sentencia de fecha 31 de julio de 2004, dictada por el Juzgado de lo Social núm. 2 de Ferrol, en autos núm. 59/04, la revocamos y con desestimación de la demanda rectora, absolvemos de la totalidad de sus pedimientos al demandado.

O Concello acorda darse por enterado.

"PUNTO NÚM. 4.- APROBACIÓN PROXECTO REFORMADO "PAVIMENTACIÓN NO NUCLEO DE REDES-ARES" (P.O.S. 2006).

Dada conta do expediente tramitado para a aprobación do proxecto reformado "Pavimentación no núcleo de Redes-Ares", incluído no Plan de Obras e Servicios de 2006, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Angel Delgado Cid, coa conformidade do contratista "CANARGA S.L." non supoñendo variación-incremento do orzamento respecto do proxecto orixinal.

Sometido a votación, o Pleno do Concello, visto o informe do Sr. Secretario de 23-01-08, previa deliberación acorda por unanimidade:



Primeiro.- Aproba-lo proxecto reformado "**PAVIMENTACION NO NUCLEO DE REDES-ARES**" incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos da Excma. Deputación Provincial de A Coruña, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Angel Delgado Cid, coa conformidade do contratista "CANARGA S.L."

Segundo.- Solicitar da Excma. Deputación Provincial a aprobación do proxecto reformado de referencia.

Terceiro.- Autorizar ao Sr. Alcalde-Presidente para asinar cantos documentos sexan necesarios para executar o presene acordo.

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación

PUNTO NÚM. 5.- PETICIÓN A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DE DECLARACIÓN DO CONCELLO DE ARES DE "MUNICIPIO TURISTICO".

Vista a proposta de petición ó abeiro do Decreto 39/2001, de 1 de febreiro de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, Declaración de Municipio Turístico Galego, e Declaración de Festas de Galicia de Interese Turístico, para a Declaración do Concello de Ares como Turístico, e a súa inclusión no Plan Galego de Promoción do Turismo a que fai referencia Lei 9/1997 do 21 de agosto, de Ordenación e Promoción do Turismo en Galicia.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que se trata de reiterar unha petición que xa se formulou, se non foi no mesmo ano que saliu o Decreto no 2001 foi quizais no seguinte, a nosa dúbida era se a Orde que regula esta declaración seguía actualmente en vigor, cal era o Organismo encargado de resolver, e dado que ven esto aquí entendemos que xa se cotexou de que segue en vigor a mesma Orde, vamos a votar favorablemente aínda que votamos en falla unha serie de datos a nivel estadístico informativo, que se refiren o Concello, que houberamos desexado que viñeran paralelamente no expediente do Pleno, demandamos que cando este redactada a documentación completaria que ten ir que se nos remita unha copia.

O Sr. Alcalde manifesta que a anterior solicitude foi desestimada por silencio administrativo negativo, enton a finalidade e reiterar-la e volver a cumplimentación a documentación pois os datos teñen que ser actualizados, e aquí o Pleno se trae a autorización para procede-la petición e unha vez que o Pleno se pronuncie se o fai de forma favorable cumprimentaremos toda a documentación, e lle facilitaremos os Portavoces dos Grupos Políticos unha fotocopia da solicitude.

Sometida a votación o Concello Pleno por unanimidade acorda prestar-lle a súa aprobación.

PUNTO NÚM. 6.- PROPOSTA DE CREACIÓN XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE.



Dada conta da proposta do Concelleiro de Réxime Interno, Policía Local, Protección Civil, Seguridade e Tráfico, do seguinte teor literal:

"CREACIÓN XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE.

En cumprimento da previsión establecida no artigo 54 da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, e dado que este Concello dispón dun corpo da Policía Local propio, coa finalidade de establece-las formas e procedementos de colaboración entre os membros das Forzas e Corpos de Seguridade no ámbito do Concello de Ares; asemade como ó abeiro da Lei do Parlamento de Galicia 4/2007, de 20 de abril, de Normas reguladoras de Coordinación de policía locais (art. 8) na que se prevé que corresponde ás policía locais **efectuar dilixencias de prevención e cantas actuacións tendan a evitar a comisión de actos delictivos no marco de colaboración establecido nas xuntas de seguridade**, PROPONSE a creación da Xunta Local de Seguridade.

A Xunta Local de Seguridade, ademais das funcións previstas anteriormente sinaladas, terá a función nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1992, de 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá, segundo redacción dada pola Lei 10/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei Orgánica 1/1992, de 21 de febreiro, de emitir informe previo nas sancións impostas polos Alcaldes por infraccións graves ou leves en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, tenencia ilícita e consumo de drogas e polas infraccións leves tipificadas nos apartados g) h) i) e j) do artigo 26, consistentes na suspensión das autorizacións ou permisos que houbera concedido o Concello e de multa cuxa contía máxima non supere os 150,25 Euros.

Dita Xunta Local de Seguridade terá a composición establecida regulamentariamente, correspondendo a Presidencia da mesma á Alcaldía, salvo que concurra ás súas sesións o Subdelegado do Goberno na Provincia, en cuio caso a Presidencia será compartida con este.

A tal efecto proponse que se dirixa á Subdelegación do Goberno a petición de creación da Xunta Local de Seguridade, e unha vez autorizada a mesma, aprobarase a composición da mesma nos termos regulamentarios previstos."

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que a súa postura vai a ser favorable entendendo que o que se fai hoxe aquí e o que ven definido no último parágrafo "Dirixirse á Subdelegación do Goberno a petición da creación da Xunta Local de Seguridade", nos reclamamos que á vista no Rexistro Municipal vemos que o día 9 hai un escrito dirixido a Dirección Xeral de Protección Civil no que se remite un Plan de Emerxencia Municipal para súa revisión é informe, pois que se traslade a través da oportuna Comisión Informativa e se nos de copia para telo no noso poder.



O Sr. Alcalde manifesta que o que é tramitación do Plan de Emerxencia Municipal é preceptivo que sexa homologado pola Dirección Xeral de Protección Civil, e con esa finalidade se lle enviou a esta Dirección Xeral.

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO NÚM. 7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Sr. Manuel Cendán Fernández manifesta que levamos sete meses de lexislatura e aínda non viu ningunha resolución de gasto, e pediría o Sr. Alcalde que se den as Ordes oportunas os Servicios de Tesourería, para nos pasen as Resolución de Gastos co obxecto de control e fiscalización.

O Sr. Alcalde, resposta que se estan a baixar desde o ordenador central ata o mes de xullo, e unha vez impresas serán facilitadas ós portavoces, sen necesidade de esperar o seguinte Pleno.

8.- MOCIÓNS DE PROPOSTAS.

A) MOCION DO BNG SOBRE "SERVICIO POSTAL".

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En Galiza o servizo postal é un dos grandes medios de cohesión socioeconómica, sobre todos neste medio rural espallado xeográfica e poboacionalmente, por engadido, un dos garantes da información e a comunicación, e tamén da xestión económica a través do xiro postal; unhas positivas virtualidades que agora se están a poñer en grave risco.

Desde hai máis de dez anos, o modelo deseñado polos Gobernos do Estado para o servizo postal foi a conquistar a longo prazo unha privatización do Servizo de Correos: externalización de servizos concretos, creación de empresas de reparto de paquetería e progresiva supresión dos postos de persoal funcionario, para transformalos en postos de persoal laboral adscritos a unha sociedade anónima, e non directamente á Administración do Estado.



As funcionarias e funcionarios de correos xa non son corpo especial, o que pode favorecer a súa marcha: mobilidade para poder trasladarse a outras administracións. O propósito é eliminar funcionarios/as. Fanse repetidas reducións de plantilla, as xubilacións non son substituídas por novos traballadores/as, as condicións laborais sofren un deterioro palulativo, engadidas as presións que sofren os/as traballadores/as; e a calidade do servizo vaise empobrecendo.

Preténdese así facer de Correos unha entidade rendíbel, fronte ao modelo de servizo público destinado a atender as necesidades cidadáns.

Esta tendencia veu provocando moito dano ao servizo e ao seu persoal, dano aínda máis notabel en Galiza, e que o noso concello está a sufrir, polas úas peculiaridades de asentamento poboacional disperso. Neste contexto cómpre salientar a aprobación polo Goberno do Estado do Regulamento recta da prestación dos servizos postais. Mentras que coa anterior normativa establecíase a obriga de entregar correspondencia cinco días laborábeis á semana, o novo decreto reduce esa obriga, e crea os chamados "entornos especiais", nos que se elimina a entrega domiciliaria. Nestres "entornos" a entrega dos envíos postais ordinarios realizarase a través de "buzóns individuais non domiciliarios" e de "casilleiros concentrados pluridomiciliarios". E a entrega dos envíos a través de tales buzóns será -dise- "todos os días laborabeis e alomenos, cinco días á semana".

Prevese ao propio tempo, que a entidade prestadora do servizo postal universal poderá "convenir cos usuarios, os concellos, así como os promotores o establecemento, ubicación e financiamento de instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ordinarios".

Prevese asemade que "se as vivendas ou edificacións do entorno afectado non dispuxesen das instalacións apropiadas para a entrega dos envios postais ou estas non se atopasen en condicións de uso adecuadas, o operador universal facilitará a entrega dos envios postais na oficina postal máis próxima, previa comunicación escrita aos/as destinatarios/as de dita circunstancia e do horario no que se poderán ser retirados". E dicir, se non hai buzón, a xente terá que desprazarse á oficina máis próxima.

A isto cómpre engadir que, segundo o novo regulamento, a consideración de "entornos especiais" é amplísima. Abonda con ter en conta, por exemplo, que terá esa consideración (e é un só suposto) "as vivendas ailladas ou situadas en entornos cualificados como diseminados e que estean situadas a máis de 250 metros da vía pública habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos".

Xa se ve, polo dito, que practicamente todo o rural galego queda baixo estas condicións. Non se esqueza que Galiza non só ten 32.000 núcleos de poboación (a metade do Estado), senón tamén máis do 50 por cento dos carteiros de España.

Atopámonos así nunha situación que é nomeadamente grave en Galiza, que minora a condición de servizo público dos correos, que non ofrece garantías de inviolabilidade da correspondencia, que obedece a criterios puramente economicistas e non de seguridade e



eficacia do servizo, e que, a máis de todo iso, pode supor, de se implantar a perda de máis de 400 postos de traballo en Galiza, sobre todo no deprimido medio rural; todo iso, por non insistir na perda de calidade, o trastorno dos usuarios e un incumprimento do espírito da Lei.

Esta situación -que estamos a padecer desde hai tempo no noso Concello -leva ao Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego a instar ao Pleno da Corporación Municipal a adoptar o seguinte

ACORDO:

1.- Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.

2.- Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno do Estado e á Ministra de Fomento."

Interven o Sr.Rodríguez Doval, manifestando que visto que se unifican as Mocións aínda que tratan dous aspectos diferentes, adianto que nos vamos a votar favorablemente a Moición que presente o Grupo Socialista, aínda que ó parecer a vista do que ven nos medios hoxe xa está todo amañado.

Con respecto á Moción presentada polo BNG refírese a un ámbito máis complexo, non quero ocultar aquí que os medios de Comunicación nestes días están facendo eco das protestas non exclusivamente do ámbito político senón no tamén no ámbito sindical que teñen que ver coa promulgación por parte do Goberno do Estado, do REal Decreto 503/07, que vai ter un impacto no reparto do correo nas zonas rurais fundamentalmente. Onte nunha reportaxe na TVG entrevistaban a unha carteira Rural da zona de Lugo, na que manifestaba que a parte do reparto diario facían unha labor de comunicación coa xente rural, e en moitos casos desgraciadamente tamén de terlles que ler as propias cartas. Máis alá desde caso concreto, dicir que a aplicación deste Real Decreto en Galicia ónde temos a metade dos núcleos rurais que hai no conxunto do Estado Español, e coas directrices ou normas que se marcan con ese Real Decreto, do que se entenden contornos urbanos que sería onde irían unha especie de caixeiros para a recollida da correspondencia, pensamos que non contribúe senón que deteriora máis os xa cativos servizos que teñen os habitantes das zonas rurais, volve moito máis complexo esa relación co servizo postal, e que desde logo non é unha maneira de normalizar os servizos básicos, e neste caso o servizo postal que debe de ser un servizo básico que chegue a toda a cidadanía nun mínimo de condicións e sabemos cales son os problemas do que chamamos zona rural no noso Concello que non é un Concello como pode haber no interior nas provincias de Lugo ou incluso Ourense. Estamos diante dun problema xeral que a Ares tamén lle afecta e de hai a Moción, que é de carácter xenerico e



ten que ver bastante con parte do noso Concello, dando finalmene lectura á parte dispositiva da Moción:

"1.- Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.

2.- Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno do Estado e á Ministra de Fomento."

B) MOCION DO PSde G-PSOE SOBRE "SERVICIO POSTAL".

Exposición de Motivos:

O Concello de Ares é un municipio en constante crecemento e boa proba diso é que os datos que ofrece o Instituto Nacional de Estadística así o confirma cada ano. Esta situación debería supor unha mellora dos servizos que se prestan e das propias infraestructuras, tando dende as administracións públicas como dende o resto de entidades de carácter privado.

Lonxe diso, o que está a suceder co servizo que presta Correos neste municipio preocupa a este grupo municipal, que ve grandes diferencias entre as prestacións da oficina de Ares e Mugardos, a pesar de que ambos concellos conta cunha poboación similar. Esta afirmación ten a súa base no ifnorme realizado a istancias do alcalde por parte da Oficina Municipal de Información ao Consumidor (OMIC), que conclúe, por unha parte, que o horario de atención ao público é menor que o de Mugardos, que este servizo conta cun único traballador en Ares e dous no municipio veciño, e que os oito empregados do noso municipio teñen que facer o reparto polo de Mugardos.

Así, mentres que o horario de atención ao público en Ares é de 8.30 a 11,30 horas, de luns e venres, e de 8,30 a 10,00 horas os sábados cun único traballador en ventaniña -que tamén realiza reparto entre as 12,30 e as 14,30 horas -no veciño municipio o horario é, de luns a venres, de 8,30 a 14,30 horas, e de 9,30 a 13,30 os sábados. Asi mesmo, Mugardos conta con dous traballadros en ventaniña -un cunha adicación de catrohoras e outro de sete-.

En canto aos empregados, o primeiro encárgase da atención en ventanilla, o traballo de oficina e o reparto por Ares, o segundo tamén entrega as cartas por este municipio; o terceiro reparte entre Ares e Simou (Mugardos); o cuarto faino por Redes (Ares) e Camiño Grande (Mugardos); o quinto por O Seico e Franza (Mugardos); o sexto reparte por Ares e Mugardos; o sétimo unicamente por Mugardos (ambos son circulares); mentres que o octavo e derradeiro adícase a trasladar a correspondencia entre os dous concellos.

A mediados do pasado mes de outubro, e unha vez coñecida esta situación o alcalde, Julio Iglesias, iniciou unha serie de contactos cos diferentes responsables de Correos. En



concreto, o rexedor fixo as xestións pertinentes, dirixidas en todo caso a ampliar tanto o horario de atención ao público e reparto como a mellorar, en definitiva, este servizo no municipio de Ares, co responsable provincial de Correos e co xerente da rede de oficinas da zona norte de España. Ademáis, e xa máis recentemente, o alcalde está a xestionar outros encontros a máis alto nivel co obxectivo de acadar que as súas demandas sexan atendidas.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PSOE insta ao Pleno da Corporación a adoptar o seguinte acordo:

Acordo:

1.- Respaldao ao grupo de goberno nas súas xestións de mellora do servizo postal, coa finalidade de que os responsables de Correos as atendan e, en consecuencia, se amplien os horarios de atención ao público e reparto en Ares."

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que pese o que aquí se dixo as Mocións non teñen nada que ver unha ca outra, una se refire a situación de Correos no noso Concello e a outra ven motiva pola publicación do Decreto que quere implantar o Goberno Central no Servicio de Correos, deixando fora un servizo tan importante sobre todo en Galicia, esto amparado polo Parlamento Europeo, nos en previsión do que poda pasar cun servizo tan importante, vamos a darlle o voto favorable á Moción presentada polo BNG.

Con referencia á Moción relativa á servizo de Correos no noso Concello, dicir que estou de acordo coa demanda que se fai, en canto o servizo, e leida a exposición de motivos e visto o estudo encargado pola Alcaldía á oficina de OMIC e a comparativa feita co Concello de Mugardos, dicir que as Mocións teñen que ser partidistas, pero en canto as formas de quen ostenta o Goberno Municipal, gustárame que foran doutra maneira, o ámbito de preocupación polo servizo e xeral, e estamos sensibilizados co problema todos os grupos e toda a cidadanía de Ares que sofre estas carencias, me gustaría que este tema fose á Comisión Informativa, se nos informase, fixesemos unha declaración conxunta da Corporación, se as Comisións e a Xunta de Portavoces están funcionando ben como se demostra que estamos no punto 8 e saíron todos por unanimidade, non costaba nada informar na Comisión correspondente. Dicir que isto é unha situación que ven de hai moitos anos, os que tivemos responsabilidades de Goberno, xa negociamos con Correos, se nos daban solucións puntuais, e se nos afirmaba cuns datos que non podíamos contrastar no momento e era motivo que en Ares o servizo de Correos estaba ben. Para rematar manifesta que esta de acordo co fondo da Moción pero non coas formas, pese a eso vai a votar afirmativamente.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que con respecto á Moción que presente o BNG, dicir que coincidimos coa súa parte expositiva, e por eso lle vamos a dar o noso apoio, pero na última parte da Moción, non menciona nada de Ares, polo que deberíamos meter un terceiro punto, no que se faga referencia en concreto ó Concello de Ares.

E con respecto á Moción do PSOE, dicir que esa é unha xestión que ten que facer o grupo de Goberno, pero vou a enumerar as xestións que fixen eu con respecto a este tema e



que fai aproximadamente un ano e medio, que se lle dirixiron os funcionarios de Correos para manifestarlles que estaban agobiados de traballo, enton foi cando nos puxemos en contacto cos responsables de Correos, e se nos dixo que en quince días se ía a ampliar a plantilla e se ía a ampliar o horario de atención ó público, e levamos ano e medio e non se fixo. E polo que solicito que se inclua na Moción a seguinte proposta **"Instar os responsables de Correos a que cumplan os compromisos adquiridos no seu día"**. Debemos de esixir que se amplie a plantilla e o horario de atención ó público.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que simplemente con respecto a Moción do BNG, a exposición e o acordo se refire á inviolabilidade da correspondencia. A violación da correspondencia é delito, preguntado se nese Decreto existen algunhas actuacións que violen algún dereito fundamental, eu descoñezo se nese Decreto hai elementos que poñan en perigo o Dereito Fundamental da inviolabilidade da correspondencia.

Interven o Sr. Rodríguez Doval manifestando que a expresión de que non se garante a inviolabilidade, e pola sinxela razón de o que aquí se denominan buzóns individuais non domiciliarios que estarían situados no lugar que ubique a Dirección Xeral de Correos, e evidente que se presta que as cartas que se depositen alí que terán que ser recollidas polos usuarios poidan desaparecer, non estamos afirmando que a traves deste sistema se vaia a violar a correspondencia, senón que non se garante a inviolabilidade como se garante a traves do reparto normal. O fondo da moción leva dous contidos por un lado a desaparición dos carteiros rurais, e por outra banda que non se garante a inviolabilidade da correspondencia como agora co reparto domiciliario. E finalmente como dixo o portavoz de NAL se trata de dous aspectos totalmente diferenciados. Por un lado tratase do funcionamento do Servicio de Correos no Concello de Ares, e por outro dunha Norma que vai a afectar o Concello de Ares, por eso solicitamos que se envíe o Ministerio de Fomento, refírese a dous ambitos diferenciados aínda que teñen en común o Servicio de Correos, e como xa dixen antes poderíase haber presentando dun xeito común.

O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que feita a aclaración polo portavoz do BNG, o grupo Socialista vai a votar tamén a favor da Moción, relativa a prestación do Servicio Postal nos ámbitos rurais.

No canto da Moción que presenta o Grupo Socialista ó Pleno é unha Moción que se levou a Xunta de Portavoces do Pleno da semana pasada, nesta reunión se puxeron enriba da Mesa 3 mocións, dúas do BNG e esta do Partido Socialista, e dalguna maneira esta Moción viña a fortalecer as xestións que desde a Alcaldía se levan realizando desde o mes de setembro coa finalidade de mellorar o Servicio de Correos no Concello de Ares, desde a posta en marcha de OMIC son numerosas as queixas pola limitación do servizo a tan so dúas horas diarias, e ademais desde a xestión pública o vimos padecendo porque calquer envío urxente que tiñamos que enviar a partires das once e media da mañá temos que recurrir a empresas de menxasería, esta situación virá incrementada coa apertura dunha nova oficina bancaria que é Caixanova, é unha situación insostible, e atendendo á mesma se fixeron unha serie de xestións empezando polo máis baixo, facemos un informe tendo en conta a opinión dos traballadores que prestan servizos na oficina de Ares, a continuación subimos un



peldaño e vamos a falar co responsable da oficina de Fene que é da que organicamente dependemos, acto seguido subimos o seguinte peldaño co Responsable de Zona, seguidamente o Xerente Territorial de Galicia, e cando temos todos os informes favorables á esixencia de que o Concello de Ares ten que ter unha oficina Técnica, porque é inconcebible que Ares non a teña e Valdoviño e Mugardos si por exemplo, cando teñen un volume notablemente inferior ó noso; entón outro peldaño que é falar co Presidente de Correos con D. José Damian, se fan dúas xestións telefónicas, que fracasan, porque nunha estaba de viaxe e noutra estaba reunido, se me promete que se me chama, e o martes cando estaba en Santiago reunido co Director de Infraestruturas Pesqueiras me chamá e me di que efectivamente podemos falar, entón aproveitando a vistia do Presdiente de Correos a Santiago, podemos falar, e desta entrevista no que se presentan todos os informes favorables que tiñamos, se nos manifesta que ó Consello de Administración non lle vai quedar máis remedio que aprobar unha Oficina Técnica para Ares e así me fixo saber onte, que no próximo Consello de Admnsitración a oficina de Ares conta con todos os informes favorables para converterse nunha Oficina Técnica. Por eso digo que a Moción presentouse a semana pasada, e este semana temos noticias que se vai a cumprir. Precisamente por esa razón podemos cambiar o que é o acordo e en consecuencia a Moción do Grupo Socialista relativa o servico Postal en Ares, podería reflexar o seguinte acordo: **Continuar todas as xestións realizadas dende o Concello de Ares, coa finalidade de millorar o Servicio Postal ata acadar o acordo efectivo por parte dos responsables de Correos, de amplia-los horarios de atención ó publico e reparto en Ares.**

Significando que e continuar as xestión xa iniciadas por anteriores Corporacións, posto que aquí todo o que se fai ten maioría Plenaria, pois con 5 de 13 non sería posible acadar acordos, aquí todo o que se fai e froito dunha maioría Plenaria.

Sometia a Moción do B.N.G, sobre servico Postal anteriormente transcria o Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Sometida a Moción do PSde G-PSOE coa emenda anteriormente transcrita o Pleno do Concello Pleno unanimidade prestarlle a súa aprobación.

C) MOCION DO BNG SOBRE "ASTELEIRO NAVANTIA".

Dada conta da Moción do B.N.G. sobre o Asteleiro Navantia, que seguidamente se transcribe:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A actividade económica da nosa comarca xirou en torno ao sector naval. Desde o ano 1984 coa entrada de España no Mercado Común Europeo, o sector naval e particularmente ASTANO sufriu recortes en plantel e carga de traballo ata a situación na que nos atopamos hoxe e q ue ratifican o último acordo goberno-sindicatos en Decembro do 2004 e o propio Plano Estratéxico de Navantía deseñado pola SEPI. Nestre intre ASTANO ten un futuro



claro: dependencia absoluta do mercado militar e sempre complementario dentro do grupo NAVANTIA. Perspectiva que resulta, desde logo, pouco ambiciosa en xeración de emprego e riqueza.

A construción naval civil está en alza no mercado mundial, polo tanto estamos na encrucillada de permaneceremos parados ou realmente apostar por outro futuro que posibilite unha apertura real e en igualdade de condicións do noso estaleiro sen máis condicións que os da súa capacidade constructiva de deseño e de diversificación. Neste contexto é a propia SEPI como holding público a que ten que tomar consciencia desta realidade e superar a situación actual. Por todo isto, e tomando como base o acordo do Parlamento Galego, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno do Concello adoptar os seguintes

ACORDOS:

1.- O Pleno do Concello insta ao Goberno do Estado para que a integridade do actual estaleiro de Navantia en Fene, sexa adicado á construción así como ás reparacións navais, civís e militares, contando con carteira de pedidos propia.

2.- Demandamos, sempre no contexto do apartado anterior, a diversificación do estaleiro con novas actividades como, por exemplo, as turbinas eólicas."

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que este é o enesimo debate Plenario sobre algo que nos afecta, Navantia-Fene aínda que non esta ubicada en Ares, tratase dunha empresa fundamental para a economía comarcal, e un tema que si ven hoxe aquí é por dúas razóns fundamentais, unha primeira porque entendemos nos que o debate levado a cabo recentemente polo Parlamento Galego que actualizou un posicionamento xa reiterado en numerosas ocasións o respecto das demandas que se lle fan o Goberno do Estado con relación ó futuro de Navantia-FENE, e en segundo lugar que eu quería facer mención aquí que é que nos insistimos, que nun Xornal Galego de importante tirada recollía o domingo en dúas ou tres páxinas cal era a situación actual de pedidos de todos os Asteleiros tanto privados como públicos do conxunto do mundo, que reflectía dalgunha forma que estabamos nun ciclo alto, por si esto fora pouco algun Asteleiro Galego, "Fillos de Barreras" tiña que estar trasladando cargo de traballo a Asteleiros de Portugal, e con toda seguridade a Algun Asteleiro de Corea pola imposibilidade de facer fronte a todos os pedidos, e mentras esto sucede se da a paradoxa que unhas das instalacións que existiron en Europa e posiblemente no Mundo como son as de Navantia-Fene, pois estan camiño de achatarraza, o que nos queremos e que o Goberno Central tome unha cesión política e a defensa diante das Autoridades Europeas. Nos preocupa o que puidera ser esta empresa como carro da economía comarcal, nese sentido, nos pensamos que Navantia-Fene, ten que adicarse a construción de buques sen o veto da construción naval convencional, nos negamonos a que Navantia Fene sexa unha Sucursal de Navantia-Ferrol, e polo o seu ámbito sexa unicamente da Construción Naval ou reparacións. Recalcamos un acordo unanime do Parlamento Galego no senso de insta ao Goberno do Estado para que a integridade do actual estaleiro de Navantia en Fene, sexa adicado á construción así como ás reparacións navais, civís e militares, contando con carteira de pedidos propia.



Nese sentido pedimos o pronunciamento o Pleno da Corporación e o apoio a Moción presentada.

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, e manifesta que como dixo o portavoz do BNG está e a enemisa vez que se trata o asunto, non vai a debatir sobre unha cousa que xa tomou acordos, simplemente decir que vai a votar que si.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta que este tema xa se falou bastante anos, nos vamos a quere enriquecer e penso que todos vamos a estar de acordo, o Plan Estratexico é contrario os intereses de Ferrol porque a Navantía se lle priva de facer construción naval Civil, nos propoñemos incrementar os acordos e dirían así:

- 1.- Rechazar o Plan estratexico de Navantía, e concretamente o destino e funcións que asigna os Asteleiros da Zona de Ferrol, debendo garantir a continuidade da construción civil no Asteleiro de Fene e reparación e turbinas na ría.
- 2.- Instar o goberno central para que, dada a situación actual do mercado, renegocie coa Unión Europea as limitacións impostas a construción naval civil nos Asteleiros de Navantia e concretamente en Navantia-Fene.
- 3.- Instar o goberno central para que dote o Asteleiro de Navantia-Fene de carteira estable de pedidos que inclúa a contratación de proxectos propios tanto no ámbito civil como no militar.
- 4.- Instar o goberno central para que os dous buques contratados para a Armada de Australia se executen integramente na ría, nas gradas dos asteleiros de Ferrol e Fene.

Seguidamente interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que a Moción parteu dun posicionamento unanime do Parlamento Galego, e se nos a redactamos como BNG sería doutra maneira, pero a razón que tiñamos nos aquí é que si esto se consensuou no Parlamento Galego entendemos que non habería razón para que non sen consensuara hoxe aqui, entendo que hoxe non ten sentido que nos lamentemos dun Plan Estratexico que ten catro anos, aquí o que se trataba era de saír cun acordo para pedirlle o Goberno do Estado que saíba que ten unha debeda coa nosa Comarca, que o tema de Navantia Fene e un tema pendente de amañarse.

Acto seguido e antes da votación o Sr. Rodríguez Doval, propón que a emenda quede do seguinte xeito:

- 1.- O Pleno do Concello insta ao Goberno do Estado para que a integridade do actual estaleiro de Navantia en Fene, sexa adicado á construción así como ás reparacións navais, civís e militares, contando con carteira de pedidos propia.**



2.- Rechazar o Plan estratéxico de Navantía, e concretamente o destino e funcións que asigna os Asteleiros da Zona de Ferrol, debendo garantir a continuidade da construción civil no Asteleiro de Fene e reparación e turbinas na ría.

3.- Instar o goberno central para que os dous buques contratados para a Armada de Australia se executen integramente na ría, nas gradas dos asteleiros de Ferrol e Fene.

Sometida a votación a Moción tal como quedou descrita no paragrafo anterior o Concello Pleno por unanimidade acorda prestar-lle a súa aprobación.

Acto seguinte polo Sr. Alcalde, preguntase os Portavoces se teñen algunha Moción para someter á consideración do Pleno da Corporación pola vía de Urgencia.

O Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. presenta a seguinte Moción:

MOCION SOBRE A SUPRESIÓN DA TARIA ELECTRICA NOCTURNA, QUE SE PRESENTA POLA VIA DE URXENCIA AO PLENO DO 31-01-08.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Dende o ano 1983 estableceuse, no Estado Español, a denominada Tarifa Eléctrica 2.0N (coñecida como Tarifa Nocturna). Esta tarifa basease na filosofía de primar o consumo nas horas nocturnas, onde a potencia consumida no conxunto do sistema eléctrico é menor.

Esta tarifa ten un desconto do 55% nas horas nocturnas e un recargo do 3% nas horas centrais do día. E favorece o consumo de determinados electrodomésticos, como son: acumuladores, lavadoras, lavalouzas, quentadores de auga et, que se poden usar de noite.

A tarifa nocturna busca un consumo enerxético máis responsábel e solidario, e obrigou a instalación nos fogares de determinados equipamentos, cun elevado custe de investimento como foron os acumuladores desta tarifa.

Actualmente no Estado hai, aproximadamente 1 millón de clientes desta tarifa; no caso de Galiza, debido a súa climatoloxía que obriga ao uso dun sistema de calefacción eficiente, temos uns 160.000 usuarios/as, é dicir, o 16% do conxunto do Estado.

A tarifa nocturna mantívose sen modificacións dende o ano 1983 até o ano 2006, no que xa non permitiu novas altas baixo esta tarifa, mais o cambio fundamental está en que Os/As consumidores/as ocollidos/as a esta tarifa (tarifa nocturna) deberá comunicar á empresa distribuidora, antes do 1 de xullo de 2008, a nova tarifa a que desexen acollerse. Unha vez transcorrido o prazo, sen que o/a cliente solicite as novas condicións do contrato, a



compañía distribuidora aplicará automáticamente outras tarifas de acordo coa potencia contratada".

É dicir, a partires do 1 de xullo de 2008, desaparece a Tarifa Nocturna.

Con este Real Decreto obrígase aos/ás clientes con esta tarifa a contratar unha nova potencia superior á que tiñan no consumo das horas punta e a un incremento do prezo sobre o consumo que tiñan nas horas punta, xa que pasan dun recargo do 3% a un 35%. En conxunto o incremento que poden padecer, na factura eléctrica, pode chegar ó 49%.

Na nova Orde de Tarifas Eléctricas existe a nova Tarifa de Discriminación Horaria, máis, para acollerse a esta nova tarifa, os/as usuarios/as de Tarifa Nocturna deben asumir integramente os custes de cambio, que son cantidades importantes e que están estimadas entre 400 e 500 Euros por cliente. Uns 200 Euros se gastarán no cambio de limitadores de potencia e outros 200 ou 300 euros, na adaptación dos sistemas de calefacción, que deberán cambiar as actuais resistencias por outras de menor potencia, ou ben, establecer dous circuitos de calefacción independentes entre si.

Asemade, unha vez realizadas as modificacións precisas, na nova Tarifa de Discriminación Horaria, haberá que pagar por un maior incremento da potencia contratada, que é unha parte fixa da factura eléctrica. Isto terá un efecto especialmente negativo en Galiza, pois haberá que contratar unha potencia que se emprega fundamentalmente no inverno (polos acumuladores eléctricos), e se continúa pagando na primaveira e no verán, cando non se necesita tanta potencia; isto coa Tarifa Nocturna non pasaba.

Como vemos, esta nova regulación das tarifas eléctricas, vai supor un importante gasto nas economías familiares, se temos en conta a media salarial e de pensións de Galiza; asemade o Goberno do Estado non contempla, na nova regulación, ningunha medida de compensación, nin reparte cargas entre usuarios/as empresas distribuidoras que, en definitiva, serán as grandes beneficiarias.

Por este motivo, o grupo municipal do BNG solicita a aprobación polo Pleno do Concello de Ares do seguinte

ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas de subvención para os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as de Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria."

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que o tema de desaparición da tarifa nocturna é un tema que estes días está no candeiro, cando se convocou a Xunta de Portavoces non



tiñamos esta Moción elaborada, é unha moción tipo, e nos parece somete-la hoxe aquí porque doutra modo sería relegala a un debate que sería no mes de Febreiro, polo que a noso xuízo sería ralentiza-lo demasiado.

O Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta que o seu voto vai a ser favorable, significando que non se deu a informacion necesaria ó usuario, de como vamos a quedar a día de hoxe.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que aquí hai unha responsabilidade, hai unha indefensión por parte de quen ten a competencia no Goberno Autonomo que é a Consellería de Industria, esta Consellería ten que velar polos intereses de todos os cidadans.

Seguidamente sometese a votación a urxencia da Moción e o Pleno da Corporación por unanimidade acorda ratifica-la urxencia.

Acto seguido sometese a votación a Moción coa emenda antes descrita quedando polo tanto a parte dispositiva como de seguido de transcribe " **Instar á Xunta de Galicia para que a través da Consellería de Innovación e Industria demande do Ministerio de Industria e Comercio,o mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas de subvención para os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as de Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria.**

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación:

Acto seguido o Sr. Alcalde-Presidente, somete as seguintes cuestións pola Via de Urxencia:

1º.- Sumarse a Corporación a homenaxe que se lle brindou o pasado fin de semana o venres ó primeiro Presdiene da Xunta de Galicia D. Gerardo Fernández Albor, por parte dun foro de pensamento, se lle rindeu unha homenaxe, polos pasos que se diron naquel entonces, co fin de Institucionalizar a imaxe e a fisonomía da nosa Autonomía coa aprobación das normas xurídicas relativas ó Imno ó Escudo a Bandeira, así como dar os pasos imprescindibles para a aplicación do Estatuto a Moción se é que se acepta a urxencia, consistiría en que desde o Concello de Ares se lle fixera chegar un telegrama sumandonos a esa homenaxe e se lle reconocera o papel institucional. Facerlle chegar unha nota no nome de toda a Corporación e non so do Alcalde.

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que o seu grupo se vai a abster simplemente por razóns de procedemento se a homenaxe xa foi.



Sometida a urxencia o Pleno da Corporación por 11 votos a favor 5 PSdeG-PSOE, 5 P.P. e 1 NAL e dúas abstencións (2 BNG), acorda ratifica-la urxencia.

Acto seguido sometese a Votación a Moción, e o Pleno da Corporación 11 votos a favor 5 PSdeG-PSOE, 5 P.P. e 1 NAL e dúas abstencións (2 BNG), acorda prestarlle a súa aprobación.

A segunda Moción sería para reclamar a creación dunha unidade Abestosis na Residencia Arquitecto Marcide, todos sabemos que o traballo no Sector Naval, trae como unha gran cantidade de afectados na Comarca, e na Residencia non existe unha unidade específica para tratar a estes enfermos. Entón a Moción consistiría simplemente en **Reclamar da Consellería de Sanidade ou de quen corresponda a creación dunha unidade de Abestosis na Residencia Arquitecto Marcide.**

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que se queren sumar a esa proposta e asimesmo facer un recoñecemento a unha Asociación que tivo moito que ver na sensibilización do conxunto da poboación, que foi a Asociación AGAVIDA.

O Sr. Manuel Cendán, manifesta que o seu grupo tamen vai a apoiar a proposta.

O Sr. Luis Cendán, di que esto por desgracia nos sensibiliza a todos, e vai a apoiar a proposta.

Sometida a votación a urxencia o Pleno da Corporación por unanimidade acorda ratifica-la urxencia.

Acto seguinte somete a votación a Moción e o Pleno da Corporación por unaimidade acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia adopta-lo seguinte acordo:

Reclamar da Consellería de Sanidade ou de quen corresponda a creación dunha unidade de Abestosis na Residencia Arquitecto Marcide.

Punto núm. 9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Manuel Cendán manifesta que agora que temos os presupostos aprobados, e diante dunha serie de camiños que están mal como poden ser, o de Mayobre, Loureiros, O Penedo, Carballo, Camiño das 3 Pedras, Papellas, Camiño do Cemiterio, e a entrada do Camiño de Pedrós, que se aproveite o bo tempo para amañalos.

No parque Infantil os columpios hai que cambiarlles os grilletes, que estan todos oxidados e andan mal.



Esixir de Fenosa que na estrada de Chanteiro fronte á casa do Ferreiro, fixo unha obra e lle votou cemento e ten o aglomerado sin votar, que aproveite o bo tempo e remate co aglomerado.

O tema das escaleiras no Camiño das 3 Pedras, está sen cortar, habería que mandar a alguen, ou mandar o tractor.

En relación o tema da Plan Xeral que temos suspendido, quería saber se por parte dos Técnicos Municipais ou por parte da Consellería hai avanzado algo para as normas provisionais.

Resposta o Sr. Ferreiro Montenegro, que en relación cos Camiños hai entre 12 e 15 actuacións iniciadas, que falamos con TRAGSA e con Sanmartín e esperamos que se rematen o máis pronto posible.

A Sra. Fernández Coira, en relación co tema do Parque Infantil, resposta que vai a entrar en vigor unha nova Normativa sobre Parques Infantis, e estamos estudando a posibilidade de externalizar un servizo de mantemento e adaptación á nova normativa, pois algúns dos xogos non están homologados.

En relación co tema do Plan Xeral, o Sr. Alcalde di que onte a noite estivo co Director Xeral de Urbanismo cando el rematou de traballar, e nos preguntou acerca das Normas Provisionais. Nos que acordamos na última reunión foi avanzar nos unha propia proposta. O Técnico Municipal Benito Calvo foi a quen se lle encargou a elaboración da proposta e esta traballando nela, vamos a intentar recoller unha boa parte da normativa derogada, con excepción dos 3 puntos que motivaron a suspensión. Todas as actuacións públicas están salvadas. Significando que acaba de asinar unha convocatoria da Xunta de Portavoces do Plan para o vindeiro luns as 12 da mañá onde asistirá o membro do Equipo Redactor Fernando Delgado.

O Sr. Rodríguez Doval, pregunta na Comisión Informativa da Muller, Infancia, Xuventude Sanidade e Servizos Sociais, que se celebrou o 10 de xaneiro levouse un punto "Bases que rexeran a convocatoria dun Psicoloxo para o Centro de Información da Muller", antonte chegounos unha copia da acta da Xunta de Goberno do 29 de novembro de 2007, onde o punto num. 1 e Bases para a Contratación dun Psicoloxo para o CIM, a pregunta que queremos facer, e que si se leva o tema a Comisión Informativa será para aprobalo despois na Xunta de Goberno e aquí parece que foi o revés, e queremos saber cal e o valor que ten a decisión ou debate da Comisión Informativa, porque si xa estaba aprobado pola Xunta de Goberno pois parece que non tiña moito sentido. Significando que nos facemos unhas alegacións as bases cando temos coñecemento delas a través da Comisión Informativa, pero si nos retrotraemos a Xunta de Goberno como diría o outro eso vaiche na misa, a pregunta e ¿en que situación esta eso?.

E outra pregunta é referente a unha Resolución que ten data de 18 de xaneiro de 2008, pola que se nomea o responsable da custodía das grabacións e imaxes reproducidas polas



camaras de videovixiancia da sede consistorial de Ares. Por outra banda con data 27-12-2007, entre un escrito neste Concello da Delegación do Goberno polo que se desautoriza a instalación de videocamaras fixas nos arredores da Nova Casa Consistorial; a pregunta era saber como esta este tema.

E finalmente formula o rogo que se lle de un aviso á empresa de mantemento do alumado público, para que faga unha revisión exhaustiva en concreto na zona de Seselle, porque ó parecer ultimamente esta fallando bastante e son numerables as queixas ó respecto.

O Sr. Alcalde resposta, que no referente o toma do psicologo, dicir que o anterior nos anuncio que ia pedir a excedencia, e nos temas unha serie de compromisos coa Xunta de Galicia, e podemos ser obxecto de inspección, e ante esta posibilidade o que fixemos for convocar a maior brevedade posible co obxecto de cubrir unha posible denuncia, e acto seguinte na primeira comisión informativa se lle deu coñecimento os grupos municipais.

En relación a situación das videocamaras de vixiancia, hai un escrito da Subdelegación do Goberno na que nos indica unha serie de deficiencias, unha das deficiencias que hai que subsanar é nombrar a un responsable do mesmo, o escrito non autoriza a utilización das videocamaras senon se subsanan todas as deficiencias, e o nomeamento dun responsable e un dos pasos para que autoricen a utilización. Significando que no órgano correspondente da Corporación, e no seu momento someteremos a posibilidade de instalar este servizo na parada dos autobuses, na cal se veñen sufrindo rotura continua de cristais, e as camaras a parte da propia función de vixiancia fan unha acción disuasoria.

O Sr. Ferreiro Montenegro, resposta que no referente o alumado as queixas que se reciben son trasladadas inmediatamente á empresa, e esta as atende practicamente de xeito inmediato ou dun dia para outro.

O Sr. Luis Cendán Fernández, reitera pregunta en relación coa Piscina Ares-Mugardos, saber en que fase nos encontramos.

Outra formula o rogo en relación PXOM, recorda que unha actuación se ía facer era presentar un Incidente de Nulidade de Actuacións, rogaría que se fixara un criterio canto antes, posto que se estan presentando licencias, hai que procurar dar as menos molestias, e se trate de aclarar conceptos, que hai que acatar a Sentencia, mirar para adiante, e facer un Planeamento canto antes.

En cuanto a outro tema que me preocupa, e que á vista do rexistro de entrada, observo que un Señor con nome e apelidos, que ademáis de ocupar o tempo en meter escritos, utiliza medios municipais, e incluso se lle dan informes antes de pasar pola Comisión correspondente. Sr. Alcalde esto tomeo como un consello, as administracións moitas veces temos que basta xa, ata aquí chegamos, como o equipo de goberno siga na mesma actitude con este tipo de personaxes que veñen a diario ó Concello, lle vai a estallar na cara. Non podemos ter a Policía Local vixiando durante 8 horas un edificio que non ten actividade.



E finalmente en canto o Plan de Obras e camiños do Medio Rural, pediría que fixeran as xestións pertinentes para que se acabasen as obras que correspondente as anualidades ded 2006 e 2007.

O Sr. Alcalde resposta que o tema da piscina as razóns que se dan para o retraso que se está producindo neste momentos, e por culpa dun cable de media tensión, e FENOSA quere cobrar 25000 euros para retiralo, se asinou un convenio con FENOSA, e se vai a retirar o cable de media tensión. Eu dúbido que as razóns sexan realmente estas, eu penso que a empresa dice o proxecto esta mal e quere conseguir alzas, e increíble o que esta pasando coa Piscina, eu falei so Presidente da Excma. Deputación o Sr. Moreda e lle propuxen a posibilidade de que o Concello de Ares desista e reclame a metade do diñeiro. Posiblemente nunha Xunta de Portavoces tiñamos que debatir que facer con este tema. Esta piscina e do mesmo tempo que a de Cariño e esta xa vai a entrar en funcionamento.

Respecto o Plan Xeral, xa falamos que nos vamos a poñer a traballar no elaboración dun novo Plan, crearemos a Xunta de Portavoces do Plan que se reunirá coa periodicidade que estimemos.

A situación do veciño que fai referencia o Sr. Luis Cendán nas oficiñas municipais, e unha situación moi difícil, dicir que eu non lle debo nada e o meu compañeiro o Sr. Vilasánchez, entendo que tampouco lle debe nada, eu non podoo negarlle a información a ninguén, aquí no primeiro momento se impuso un lema "trasparencia, transparencia, e transparencia", a pida quen a pida, aquí non se lle oculta información a ninguén. Esta persoa presenta un escrito automaticamente sube o meu despacho, e teña xente ou non el acaba entrando, me enseña o escrito e me pide que lle asine o "cumplase" cosa que ata agora viña facendo. Esta situación a partires de agora non se vai a repetir, terá o mesmo trato que calquer outro veciño e os seus escritos seguiran o conducto e o procedemento regulamentario.

Con respecto as obras de TRAGSA, dicir que eu vin no seu cronograma que a Ares, lle tocaba despois das Navidades, e supoño que así será.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as catorce horas e trinta minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,